



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 10 DE OUTUBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)
María Regenjo Vázquez (GPM PP)
Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)
Ramón García Conde (GPM PP)
Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)
Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)
Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Ausentes:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)
Silvia Cao Tubío (GPM PT)
Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

Secretaría-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **09:00 horas** do día **10 de OUTUBRO de 2017**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE**, previamente convocada, baixo a Presidencia de **D^a. M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaría-Interventora do Concello, en réxime de acumulación, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do núm. legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 10.10.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Aprobación, se procede, da ratificación da urxencia da sesión.
2. Toma de coñecemento da renuncia de Silvia Cao Tubío ao cargo de concelleira, declaración de vacante e solicitude de nomeamento do substituto pola Xunta Electoral Central.
3. Aprobación, se procede, da Conta Xeral 2016
4. Dación de conta do informa da Intervención ao abeiro do artigo 218 do TRLRLF.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A **Alcaldesa** da conta da proposta de xustificación da urxencia da sesión, que é a que de seguido se recolle:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.


Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

O Concello de Lousame incoou o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2016, mediante Providencia desta Alcaldía do 07.07.2017. Do mesmo xeito, mediante Resolución desta Alcaldía núm. 503/2017 do 12.09.2017 acordouse a aplicación da tramitación da urxencia ao expediente administrativo, co obxecto de que a conta xeral puidese ser rendida ante o Tribunal do Contas antes do 15.10.2017.

Trala tramitación oportuna (formación, informe, ditame pola comisión especial de contas e anuncio de exposición pública publicado o 19.09.2017) o dito período de información pública venceu o día 06.10.2017.

Así a convocatoria deste Pleno non puido facerse até o día de hoxe, 09.10.2017. No caso de convocar o Pleno coa antelación de dous días hábiles debería celebrarse o día 13.10.2017, co cal

2
Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 10.10.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

só quedaría ese propio día hábil (o 13.10.2017) para render a Conta Xeral ante o Tribunal de Contas; xa que o día 14.10.2017 é sábado.

Hai que ter en conta que o proceso de rendición faise de xeito telemático e que pode haber erros ou incidencias informáticas que precisan para a súa solución da asistencia técnica do CAU da Deputación da Coruña. Polo que é preciso dispor do máximo tempo posible para efectuar as tarefas de rendición da Conta ante o Tribunal de Contas.

Por outra banda, con Rexistro de Entrada núm. 201799900000055 do 23.09.2017 a concelleira do GPM do Partido da Terra, presentou a súa renuncia á acta de concelleira. É preciso tomar coñecemento canto antes da súa renuncia para remitir a documentación á Xunta Electoral Central e que á súa vez remita a credencial do seguinte concelleiro deste grupo político municipal.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o martes día 10 de outubro de 2017.

Lousame, a 9 de outubro de 2017.

A alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais

.....
A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requíndose que o pleno do ente local, ratique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

O Concello de Lousame incoou o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2016, mediante Providencia desta Alcaldía do 07.07.2017. Do mesmo xeito, mediante Resolución desta Alcaldía núm. 503/2017 do 12.09.2017 acordouse a aplicación da

3
Acta do Pleno do Concello de Lousame:
Sesión extraordinaria e urxente do día 10.10.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

tramitación da urxencia ao expediente administrativo, co obxecto de que a conta xeral puidese ser rendida ante o Tribunal do Contas antes do 15.10.2017.

Trala tramitación oportuna (formación, informe, ditame pola comisión especial de contas e anuncio de exposición pública publicado o 19.09.2017) o dito período de información pública venceu o día 06.10.2017.

Así a convocatoria deste Pleno non puido facerse até o día de hoxe, 09.10.2017. No caso de convocar o Pleno coa antelación de dous días hábiles debería celebrarse o día 13.10.2017, co cal só quedaría ese propio día hábil (o 13.10.2017) para render a Conta Xeral ante o Tribunal de Contas; xa que o día 14.10.2017 é sábado.

Hai que ter en conta que o proceso de rendición faise de xeito telemático e que pode haber erros ou incidencias informáticas que precisan para a súa solución da asistencia técnica do CAU da Deputación da Coruña. Polo que é preciso dispor do máximo tempo posible para efectuar as tarefas de rendición da Conta ante o Tribunal de Contas.

Por outra banda, con Rexistro de Entrada núm. 201799900000055 do 23.09.2017 a concelleira do GPM do Partido da Terra, presentou a súa renuncia á acta de concelleira.

É preciso tomar coñecemento canto antes da súa renuncia para remitir a documentación á Xunta Electoral Central e que á súa vez remita a credencial do seguinte concelleiro deste grupo político municipal.

Por todos estos antecedentes, o Pleno Corporativo de Lousame adopta o seguinte **ACORDO:**

Único: Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o martes día 10 de outubro de 2017>>

2) TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE SILVIA CAO TUBÍO AO CARGO DE CONCELLEIRA, DECLARACIÓN DE VACANTE E SOLICITUDE D ENOEMAMENTO DO SUBSTITUTO POLA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

A Alcaldesa da conta do escrito de renuncia ao cargo de concelleira presentado por dona **Silvia Cao Tubío** con Rexistro de Entrada núm. 201799900000055 do 23/09/2017, que consta no expediente administrativo.

Polo tanto, o Pleno Corporativo, á vista do escrito de renuncia ao cargo de concelleira presentado por dona **Silvia Cao Tubío** con Rexistro de Entrada núm. 201799900000055 do 23/09/2017, toma coñecemento da súa renuncia que se fai efectiva neste momento; para que se traslade certificado á Xunta Electoral Central

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 10.10.2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

aos efectos previstos no artigo 185.2 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2016.

A **Alcaldesa** da conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral 2016, así como da proposta que se somete a aprobación do pleno corporativo, que se insire a continuación:

D^a. M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame

Finalizado o exercicio económico 2016, e sendo necesario someter a aprobación do Pleno Corporativo, nos termos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a **Conta Xeral do exercicio 2016** do Concello de Lousame, **propoño a adopción do seguinte ACORDO:**

“Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2016, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O 07.09.2017 mediante Providencia de Alcaldía incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral de 2016, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

Segundo: O 12.09.2017 a Secretaría-Intervención forma e informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Terceiro: O 12.09.2017 esta Alcaldía, mediante Resolución núm. 503/2017 do 12.09.2017 acorda a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento para aprobar a Conta Xeral 2016.

Cuarto: O 15.09.2017 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por unanimidade dos seis presentes e co quórum da maioría absoluta informa favorablemente a Conta Xeral do 2016 ordenando a exposición pública da mesma.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 10.10.2017.





Concello de Lousame

Prza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Quinto: O 19.09.2017, no BOP núm. 178 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2016, outorgando un prazo de oito días hábiles a fin de que durante o dito prazo e catro días máis quen se considere interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente.

Sexto: O 09.10.2017 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2016 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2016, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016.

Segundo: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo".

Lousame, a 9 de outubro de 2017

A Alcaldía

M^a Teresa Villaverde Pais

.....

A **Alcaldesa** pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 10.10.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

"Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2016, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O 07.09.2017 mediante Providencia de Alcaldía incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral de 2016, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

Segundo: O 12.09.2017 a Secretaría-Intervención forma e informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Terceiro: O 12.09.2017 esta Alcaldía, mediante Resolución núm. 503/2017 do 12.09.2017 acorda a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento para aprobar a Conta Xeral 2016.

Cuarto: O 15.09.2017 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por unanimidade dos seis presentes e co quórum da maioría absoluta informa favorablemente a Conta Xeral do 2016 ordenando a exposición pública da mesma.

Quinto: O 19.09.2017, no BOP núm. 178 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2016, outorgando un prazo de oito días hábiles a fin de que durante o dito prazo e catro días máis quen se considere interesado polda presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente.

Sexto: O 09.10.2017 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2016 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2016, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016.

Segundo: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 10/10/2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo".

4) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO TRLRFL.

A alcaldía da conta do informe da intervención núm. 60/2017 do 19.05.2017 relativo aos reparos formulados durante o exercicio 2016; que xa foi remitido ao Tribunal de Contas o día 26/05/2017.

A meirande parte dos reparos refírense á aprobación de gastos que aínda que sexan contías pequenas ao ser continuos no tempo non poden adxudicarse directamente como os contratos menores, senón que deben ser licitados. Nun Concello como Lousame, pequeno e que conta con pouco persoal, isto supón un gran esforzo na licitación destes expedientes, pero dende o ano pasado estase facendo un esforzo importante neste sentido e xa se licitaron grandes contratos como o SAF Dependencia, o subministro da enerxía eléctrica, etcétera.

A Corporación dase por enterada.

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidentencia rematouse a sesión sendo ás nove horas e vinte minutos (09:20 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 10.10.2017.